

Proposta de Traballo Fin de Máster (máximo 2 páxinas)

Profesor/a titor/a

Francisco Javier López González

Título

Caracterización rural dun concello galego (*a elixir*) e proposta de iniciativas para o seu desenvolvemento.

Obxectivos

- Búsqueda e análise de metodoloxías aplicadas na caracterización rural dos concellos (preferentemente galegos).
- Definición de distintas tipoloxías de espazos rurais a contemplar e elección xustificada da correspondente ou correspondentes ao concello elixido.
- Descrición de diferentes iniciativas que contribúan ao desenvolvemento do concello elixido, en función da caracterización feita previamente.

Metodoloxía

Este traballo tería unha fase inicial de búsqueda das metodoloxías propostas por outros autores, para ver o que está feito ao respecto e seleccionar aquela ou aquelas que mellor se adapten aos obxectivos marcados.

Á vista dos resultados, e sendo conscientes da diversidade de espazos rurais que podemos atopar ao noso ao redor, sería necesario establecer unha ou varias tipoloxías para o concello analizado, xustificando as mesmas en base a posibles actuacións posteriores relacionadas coa planificación territorial ou coa aplicación de políticas nacionais e comunitarias (de tipo agrario ou de desenvolvemento rural, por exemplo).

Cos tipos definidos, cumpriría establecer unha serie de iniciativas, que contribuíran ao desenvolvemento territorial e sectorial do concello coa proposición de medidas acordes coa súa realidade.

Medios necesarios

Os medios necesarios para a realización deste traballo son preferentemente bibliográficos, ben sexa en formato papel, ben a través da rede coa consulta de páxinas web institucionais e privadas (para a investigación das metodoloxías ao respecto publicadas, para a obtención de datos e para a elección das iniciativas máis acordes coa situación de partida).

Breve bibliografía orientativa

Bibliografía relacionada coa definición dos espazos rurais, os sistemas urbanos, as novas relacións cidade-campo, os procesos de urbanización, as políticas europeas aplicadas preferentemente ao rural...

Datos estatísticos para a análise do caso do cocello elixido (obtidos preferentemente a partir do IGE e do INE, ademais doutras fontes en función do método e variables seleccionadas).